228	7505802NJ6070N	19,97	TERRENO URBANO	PEREZ ALVAREZ MANUEL
229	7704013NJ5170S	0,13	TERRENO URBANO	GOMEZ ALVAREZ MODESTO
230	7704001NJ5170S	0,09	TERRENO URBANO	COIRA MAYOBRE JOSE RAMON

FINCA	REF. CATASTRAL	SUPERFICIE A EX-PROPIAR	TIPO DE TERRENO	TITULAR
231	7505803NJ6070N	4,76	TERRENO URBANO	RODEIRO SEIJAS MARIA HR
232	7506011NJ5170N	148,54	TERRENO URBANO	CARTELLE GONZALEZ MARIA
233	7406007NJ5170N	7,96	TERRENO URBANO	PEINADO REY MARIA
234	7506012NJ5170N	34,31	TERRENO URBANO	SUAREZ PINEIRO JOSE
235	7406006NJ5170N	7,05	TERRENO URBANO	MONTERO LOPEZ JOSE MANUEL
236	7406005NJ5170N	1,55	TERRENO URBANO	PEREZ MARTINEZ DANIEL
237	7406004NJ5170N	1,97	TERRENO URBANO	GARCIA RODRIGUEZ JOSE ANTONIO
238	7406003NJ5170N	7,1	TERRENO URBANO	VILASANCHEZ CASTRO ISIDRO
239	7406905NJ6070N	142,77	TERRENO URBANO	COUTO BELLA FRANCISCA
240	7406906NJ6070N	59,94	TERRENO URBANO	CONDE DUCE JOSEFA
241	7406002NJ5170N	22,74	TERRENO URBANO	EITO MAYOBRE FRANCISCO
242	15004A02600686	271,39	MT - Matorral	EN INVESTIGACION ARTICULO 47 DE LA LEY 33 2003
243	7406001NJ5170N	46,09	TERRENO URBANO	VILABOY ROMERO CLARA
244	7406021NJ5170N	8,71	TERRENO URBANO	SEIJO PEREIRA GABRIEL LUIS
245	15004A02600685	44,7	EU - Eucaliptus	EN INVESTIGACION ARTICULO 47 DE LA LEY 33 2003
246	7406022NJ5170N	56,1	TERRENO URBANO	PEREIRA REY MANUELA
247	15004A02600684	38,87	MT - Matorral	SEIJAS S S BENARDINO
248	15004A02600683	35,36	MT - Matorral	CARTELLE RODRIGUEZ FRANCISCO
249	15004A02600682	27,36	MT - Matorral	CARTELLE S S JOSEFA
250	15004A02600681	4,93	MT - Matorral	DA VIRXE LOLA

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Secretaría Xeral. Servizo de Patrimonio e Contratación

Aprobación del programa de vías provinciales 2008-2011 integrado por el proyecto ampliación y mejora de trazado de DP 0906 del pk 17+460 al 19+800 (Paderne)

ANUNCIO DE APROBACIÓN DO PROGRAMA DE VIAS PROVINCIAIS 2008 2011

La Exma. Deputación da Coruña, en sesión celebrada o 25-3-2011 aprobou **TECNICAMENTE O PROGRAMA DE VÍAS PROVINCIAIS 2008 2011** integrado entre outros polo proxecto que se relaciona:

DENOMINACIÓN	PRESUPUESTO
AMPLIACION Y MEJORA DE TRAZADO DE DP 0906 DEL PK 17+460 AL 19+800 (PADERNE)	987.332,55

Os ditos expedientes quedarán expostos ao público no Servizo de Patrimonio e Contratación, durante o prazo de dez días contados desde o seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que se poidan formular reclamacións a que dese lugar.

O que se fai público para xeral coñecemento, a teor do disposto no artigo 93 do Decreto Lexislativo 781/86 do 18 de abril.

A Coruña, 31-3-2011

O PRESIDENTE,

Asdo: Salvador Fernández Moreda

O SECRETARIO,

Asdo: José Luis Almau Supervía

2011/4767

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Secretaría Xeral. Servizo de Patrimonio e Contratación

Aprobación del Plan de Sendas Peatonales 2011 Fase 1

ANUNCIO DE APROBACIÓN DO PLAN DE SENDAS PEATONALES 2011 FASE 1

La Exma. Deputación da Coruña, en sesión celebrada o 25-3-2011 aprobou O PLAN PLAN DE SENDAS PEATONALES 2011 FASE 1 integrado polo proxecto que se relaciona:

DENOMINACIÓN	PRESUPUESTO
SENDA PEONIL EN PRESARAS NA ESTRADA 3205 (VILASANTAR). 111170001.0	152.442,35
TOTAL	152.442,35

Os ditos expedientes quedarán expostos ao público no Servizo de Patrimonio e Contratación, durante o prazo de dez días contados desde o seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que se poidan formular reclamacións a que dese lugar.

O que se fai público para xeral coñecemento, a teor do disposto no artigo 93 do Decreto Legislativo 781/86 do 18 de abril.

A Coruña, 31-3-2011

O PRESIDENTE,

Asdo: Salvador Fernández Moreda

O SECRETARIO,

Asdo: José Luis Almau Supervía

2011/4768

ADMINISTRACIÓN LOCAL PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Secretaría Xeral. Servizo de Patrimonio e Contratación

Aprobación del Plan de Vías Provinciales 2011 Segunda Fase

ANUNCIO DE APROBACIÓN DO PLAN SENDAS PEATONALES 2011 SEGUNDA FASE

La Exma. Deputación da Coruña, en sesión celebrada o 25-3-2011 aprobou O PLAN SENDAS PEATONALES 2011 SEGUNDA FASE integrado polo proxecto que se relaciona:

DENOMINACIÓN	PRESUPUESTO
MEJORA DE LA SEGURIDAD VIAL EN LA D.P. 1105 NOIA A CABO DE CRUZ.- CONSTRUCCION DE SENDAS PEATONALES PK 7+230 A 7+930 (MOIMENTA) Y DEL 11+170 A 11+980 (COMOXO). BOIRO. 1111700002.0	273.983,84
TOTAL	273.983,84

Os ditos expedientes quedarán expostos ao público no Servizo de Patrimonio e Contratación, durante o prazo de dez días contados desde o seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que se poidan formular reclamacións a que dese lugar.

O que se fai público para xeral coñecemento, a teor do disposto no artigo 93 do Decreto Lexislativo 781/86 do 18 de abril.

A Coruña, 31-3-2011

O PRESIDENTE,

Asdo: Salvador Fernández Moreda

O SECRETARIO,

Asdo: José Luis Almu Supervía

2011/4769

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Secretaría Xeral. Servizo de Patrimonio e Contratación

Aprobación del Plan de Vías Provinciales 2011, cuarta fase

ANUNCIO DE APROBACIÓN DO PLAN VIAS PROVINCIALES 2011 CUARTA FASE

La Exma. Deputación da Coruña, en sesión celebrada o 25-3-2011 aprobou O PLAN VIAS PROVINCIALES 2011 CUARTA FASE integrado polo proxecto que se relaciona:

DENOMINACIÓN	PRESUPUESTO
CONSTRUCCIÓN DE GLORIETA EN EL CRUCE DE VILAR EN LA D.P. 7305 (1111100005.0)	150.654,52
TOTAL	150.654,52

Os ditos expedientes quedarán expostos ao público no Servizo de Patrimonio e Contratación, durante o prazo de dez días contados desde o seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que se poidan formular reclamacións a que dese lugar.

O que se fai público para xeral coñecemento, a teor do disposto no artigo 93 do Decreto Legislativo 781/86 do 18 de abril.

A Coruña, 31-3-2011

O PRESIDENTE,

Asdo: Salvador Fernández Moreda

O SECRETARIO,

Asdo: José Luis Almau Supervía

2011/4770

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Secretaría Xeral. Servizo de Patrimonio e Contratación

Aprobación del Plan de vías provinciales 2011, quinta fase

ANUNCIO DE APROBACIÓN DO PLAN VIAS PROVINCIALES 2011 QUINTA FASE

La Exma. Deputación da Coruña, en sesión celebrada o 25-3-2011 aprobou O PLAN VIAS PROVINCIALES 2011 QUINTA FASE integrado polo proxecto que se relaciona:

DENOMINACIÓN	PRESUPUESTO
ENSANCHE SOBRE EL TIO TE EN LA D.P. 7203 DE TARAGOÑA A PAZO EN EL PK 1+190.RIANXO (1111100006.0)	159.018,82
TOTAL	159.018,82

Os ditos expedientes quedarán expostos ao público no Servizo de Patrimonio e Contratación, durante o prazo de dez días contados desde o seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que se poidan formular reclamacións a que dese lugar.

O que se fai público para xeral coñecemento, a teor do disposto no artigo 93 do Decreto Legislativo 781/86 do 18 de abril.

A Coruña, 31-3-2011

O PRESIDENTE,

Asdo: Salvador Fernández Moreda

O SECRETARIO,

Asdo: José Luis Almau Supervía

2011/4774

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ABEGONDO

Exposición pública do expediente tramitado por Concepción Vázquez Santiso para explotación de gando vacún de leite

ANUNCIO

En cumprimento do disposto no apartado 3.º do artigo 8 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública o expediente que se tramita por solicitude de Dña. Concepción Vázquez Santiso para implantación de actividade para explotación agropecuaria de ganado vacún de leite, emprazada no lugar de Castro Maior, parroquia de Vizoño, en este termo municipal. Durante o prazo de vinte días, contados a partir do seguinte ao da última publicación deste edito no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Diario Oficial de Galicia, o expediente encóntrase á disposición do público nas oficinas municipais co fin de que aquel que se considere afectado pola actividade poida examinalo e deducir, no seu caso, as alegacións ou observacións que teña por conveniente.

En Abegondo, a 24 de marzo de 2011.

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

ANUNCIO

En cumplimiento de lo dispuesto en el apartado 3.º del artículo 8 del Decreto 133/2008, del 12 de junio, por lo que se regula la avaliación de incidencia ambiental, se somete a información pública el expediente que se tramita por solicitud de Dña. Concepción Vázquez Santiso para implantación de actividad para explotación agropecuaria de ganado vacuno de leche, emplazada en el lugar de Castro Maior, parroquia de Vizoño, en este termo municipal. Durante el plazo de veinte días, contados a partir del siguiente al de la última publicación de este edicto en el Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña y en el Diario Oficial de Galicia, el expediente se encuentra a la disposición del público en las oficinas municipales con el fin de que aquel que se considere afectado por la actividad pueda examinarlo u deducir, en su caso, las alegaciones u observaciones que tengan por conveniente.

En abegondo, a 24 de marzo de 2011.

El alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ABEGONDO

Modificación de tarifas da Ordenanza fiscal polo subministro de auga potable 2011

MODIFICACIÓN DE TARIFAS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE PARA 2011

O Pleno do Concello de Abegondo, en sesión celebrada con data 16 de marzo de 2011, aprobou inicialmente a modificación das tarifas da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de subministro de auga potable para 2011.

De acordo co establecido no artigo 15 e seguintes do Real decreto lexislativo 2/04, do 5 de marzo, polo que se aproba o TRLRFL, sométese a información pública e audiencia dos interesados por prazo de 30 días, contados a partir do seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, podendo os interesados examinar dito expediente nas oficinas municipais e presentar as reclamacións e suxerencias que crean oportunas, as cales serán resoltas polo Pleno.

En caso de que durante o referido prazo non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase, conforme ao artigo 17 da mesma norma, definitivamente aprobado o acordo provisional.

Abegondo, 28 de marzo de 2011.

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ABEGONDO

Modificación de tarifas da Ordenanza de sumidoiros e depuración para 2011

MODIFICACIÓN DE TARIFAS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN PARA 2011

O Pleno do Concello de Abegondo, en sesión celebrada con data 16 de marzo de 2011, aprobou inicialmente a modificación das tarifas da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de sumidoiros e depuración para 2011.

De acordo co establecido no artigo 15 e seguintes do Real decreto lexislativo 2/04, do 5 de marzo, polo que se aproba o TRLRFL, sométese a información pública e audiencia dos interesados por prazo de 30 días, contados a partir do seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, podendo os interesados examinar dito expediente nas oficinas municipais e presentar as reclamacións e suxerencias que crean oportunas, as cales serán resoltas polo Pleno.

En caso de que durante o referido prazo non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase, conforme ao artigo 17 da mesma norma, definitivamente aprobado o acordo provisional.

Abegondo, 28 de marzo de 2011.

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARANGA

Secretaría - Intervención

Aprobación inicial do orzamento do exercicio 2011

ANUNCIO

O Pleno da Corporación logo de aprobar o Orzamento Xeral Municipal para o exercicio de 2011, o cadro de persoal e a relación de postos de traballo para o dito exercicio, en cumprimento do que se dispón no artigo 169 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nas disposicións concordantes, expónse ao público na Secretaría deste Concello, polo prazo de quince días hábiles -que se empezarán a contar desde o día seguinte á inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia- co fin de que durante este prazo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas ao Sr. presidente desta Corporación.

Aranga, 31 de marzo de 2011

O Alcalde en funcións:

Alberto Platas Álvarez

2011/4595

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARANGA

Secretaría - Intervención

Delegación de competencias tributarias

O Pleno municipal, na sesión ordinaria que celebrou o día 30 de marzo de 2011, adoptou o acordo de delegar na Deputación Provincial da Coruña as competencias tributarias relacionadas coa taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos sobre o solo, subsolo ou voo das vías públicas.

Así mesmo, acordouse abrir un período de exposición pública polo prazo de 30 días hábiles dende a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia, para xeral coñecemento e presentación de alegacións.

Aranga, 31 de marzo de 2011.

O alcalde en funcións

Asdo.: Alberto Platas Álvarez

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARES

Edicto de información pública

EDICTO DE INFORMACIÓN PÚBLICA

Intentada notificación, no domicilio do interesado, en relación có expediente de restauración da legalidade pola construción dun peche no lugar de O Castro, Parroquia de San Pedro de Cervás, Concello de Ares, e sendo devolta a mesma; en cumprimento do artigo 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, faise pública dita notificación da Resolución da Alcaldía que o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Ares emitíu con data 1 de febreiro de 2011:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA 10-11

Vista a Resolución da Alcaldía de data 9 de xaneiro de 2008, pola que se dispón a paralización e posterior incoación de Expediente de Reposición da Legalidade Urbanística en relación cós actos de uso do solo que se realizaron por parte de D. Cristóbal Ardao Formoso consistentes na construción do peche da parcela da súa propiedade sita no Lugar de O Castro, Parroquia de San Pedro de Cervás, Termo Municipal de Ares.

FUNDAMENTO DE DEREITO

Visto que dito peche realizouse sen axustarse ao sinalado pola Licenza Urbanística outorgada en canto aos materiais utilizados e os retranqueos do camiño para a súa clase de solo.

Visto que a Resolución da Alcaldía anteriormente citada foi asinado por Dna. Esther Jiménez Sanchís con data 3 de marzo de 2008 (certificado de correos nº CD00434172295).

Visto o informe da Policía Local de data 6 de outubro de 2008 baixo número 711, no cal se indica que “ditas obras atópanse rematadas sen restaurar a legalidade urbanística”

Ao abeiro do artigo 211, en relación co artigo 209, da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

En virtude do disposto na normativa indicada e, demáis de aplicación e, dacordo cos antecedentes expostos, esta Alcaldía adopta a seguinte:

RESOLUCIÓN

Primeiro.- Impoñer a D. Cristóbal Ardao Formoso, unha segunda multa coercitiva de 600,00 € pola construción de muro de peche de parcela sen axustarse á Licenza outorgada en canto aos materiais utilizados e os retranqueos do camiño para a súa clase de solo.

Segundo.- Requerirle novamente para dita reposición da legalidade urbanística coa advertencia de que as multas coercitivas serán impostas mensualmente ata logra-la execución.

Así o ordena e dispón o Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, en Ares, a un de febreiro de dous mil once, do que eu, coma Secretario Acctal, dou fe.”

RECURSOS: Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá Vtde interpoñer potestativamente o Recurso de Reposición ante o mesmo órgano que o dictou no prazo dun mes, contado a partires do día seguinte ó da presente notificación, segundo establecen os artigos 116.1 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (na redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro), significándolle que se interpón o Recurso de Reposición non poderá interpoñer o Recurso Contencioso-Administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do Recurso de Reposición interposto.

Transcurrido un mes dende a interposición do Recurso potestativo de Reposición sen que lle teña notificada resolución, entenderáse desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía Contencioso-Administrativa, podendo interpoñer Recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó de aquel no que se produza o acto presunto perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol ou diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia – Sala do Contencioso-Administrativo- segundo a distribución competencial establecida polos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998 do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Non obstante poderá impugnar directamente o acto que se lle notifica ante o, orde xurisdiccional Contencioso-Administrativo (artigo 116.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, na redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro) A tal efec-

to poderá Vtde. interpoñer Recurso Contencioso-Administrativo , no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da notificación (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol ou diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia – Sala do Contencioso-Administrativo- segundo a distribución competencial establecida polos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998 do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Asemade, poderá Vtde. utilizar calquera outro Recurso que estime pertinente e exerce-las accións que procedan perante a xurisdicción competente.

Ós efectos procedente indícase que o Tribunal Supremo con data 14/11/2007 desestimou o Recurso de Casación interposto por este Concello contra a sentenza do T.S.X.G. de 23/10/2003 pola que se anulaba o Acordo Plenario de 26/03/1999 polo cal aprobouse con carácter definitivo o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ares, recobrando vixencia as NN.SS. de planeamento, aprobadas con carácter definitivo pola Comisión Provincial de Urbanismo en sesión do día 04/12/1978 (B.O.P nº 68 de 23/03/1979) coa preceptiva aplicación da Lei 9/2002, de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (Disposición Transitoria 1ª).

En Ares, a 1 de febreiro de 2011

O SECRETARIO ACCTAL

Asdo.- José Ángel Carballo Feijóo”

En Ares, a 7 de marzo de 2011

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo.- D. Julio Ignacio Iglesias Redondo

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARES

Edicto de información pública

EDICTO DE INFORMACIÓN PÚBLICA

Intentada notificación, no domicilio da interesada, en relación co expediente de demolición de 3 vivendas denominadas Ático 5º A, Ático 5º B e Ático 5º C sitos na Avda. de Redes 9, Ares e sendo devolta a mesma; en cumprimento do artigo 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, faise pública dita notificación da Resolución da Alcaldía que o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Ares emitíu con data 31 de xaneiro de 2011:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA 8-11

Vista a Resolución da Alcaldía de data 30 de xaneiro de 2009, pola que se dispón requirir a D/Dna. María de los Ángeles Perille Arribe para que proceda, no prazo de 6 meses, á demolición das obras non legalizables levadas a cabo nos áticos 5º A, 5º B e 5º C do edificio sito na Avda. de Redes, por seren incompatibles co ordenamento urbanístico, consistentes na colocación de pavimentos, lucidos, carpintería, etc.

FUNDAMENTO DE DEREITO

Visto que a día de hoxe aínda non se atendeu este requerimento.

Ao abeiro do artigo 211, en relación co artigo 209, da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

En virtude do disposto na normativa indicada e, demáis de aplicación e, dacordo cos antecedentes expostos, esta Alcaldía adopta a seguinte:

RESOLUCIÓN

Primeiro.- Impoñer a D/Dna. María de los Ángeles Perille Arribe, unha quinta multa coercitiva de 1.000 euros polo incumprimento de demolición no ático denominado 5º A, 1.000 euros polo incumprimento de demolición no ático denominado 5º B e 1.000 euros polo incumprimento de demolición no ático denominado 5º C.

Segundo.- Requerirle novamente para dita demolición coa advertencia de que as multas coercitivas serán mensualmente ata logra-la execución.

Así o ordena e dispón o Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, en Ares, a trinta e un de xaneiro de dous mil once, do que eu, coma Secretario Acctal, dou fe.”

RECURSOS: Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá Vtde interpoñer potestativamente o Recurso de Reposición ante o mesmo órgano que o dictou no prazo dun mes, contado a partires do día seguinte ó da presente notificación, segundo establecen os artigos 116.1 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (na redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro), significándolle que se interpón o Recurso de Reposición non poderá interpoñer o Recurso Contencioso-Administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do Recurso de Reposición interposto.

Transcurrido un mes dende a interposición do Recurso potestativo de Reposición sen que lle teña notificada resolución, entenderáse desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía Contencioso-Administrativa, podendo interpoñer Recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó de aquel no que se produza o acto presunto perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol ou diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia – Sala do Contencioso-Administrativo- segundo a distribución competencial establecida polos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998 do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Non obstante poderá impugnar directamente o acto que se lle notifica ante o, orde xurisdiccional Contencioso-Administrativo (artigo 116.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, na redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro) A tal efecto poderá Vtde. interpoñer Recurso Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da notificación (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol ou diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia – Sala do Contencioso-Administrativo- segundo a distribución competencial establecida polos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998 do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Asemade, poderá Vtde. utilizar calquera outro Recurso que estime pertinente e exerce-las accións que procedan perante a xurisdicción competente.

Ós Efectos procedentes indícase que o Tribunal Supremo con data 14-11-2007 desestimou o recursos de casación interposto por este Concello contra sentenza do TSXG de 23-10-2003 pola que se anulaba o acordo plenario de 26-03-1999 polo cal aprobouse con carácter definitivo o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ares, recobrando vixencia as NNSS de planeamento aprobada con carácter definitivo pola Comisión Provincial de Urbanismo en sesión do día 4-12-1978 (BOP nº 68 de 23-03-1979) coa preceptiva aplicación íntegra da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Pprotección do Medio Rural de Galicia (Disposición Transitoria 1ª).

En Ares, a 1 de febreiro de 2011

O SECRETARIO ACCTAL

Asdo.- D. José Ángel Carballo Feijóo”

En Ares, a 17 de marzo de 2011

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo.- D. Julio Ignacio Iglesias Redondo

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Licenza

EDICTO

En cumprimento do disposto no apartado 3.º do artigo 8 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese á información pública o expediente núm. 19/2008, que se tramita a instancia de D. Fernando Antonio Vázquez Ramos, en representación de BACALAO S.L., para a concesión de licenza de apertura e funcionamento de industria de procesado de pescado, a instalar na parcela I-4 do polígono industrial de Bergondo, deste término municipal.

Durante o prazo de vinte días, contados a partir do seguinte ó da última publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia ou no Diario Oficial de Galicia, o expediente atópase a disposición do público no Servizo de Urbanismo deste Concello a fin de quen se consideren afectados pola actividade poidan examinalo e deducir, no seu caso, as alegacións ou observacións que teñan por convinte.

Bergondo, 23 de marzo de 2011.

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez

2011/4464

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BOIMORTO

Aprobación do padrón fiscal da taxa polo subministro de auga, recollida de lixo e rede de sumidoiros correspondente ao primeiro trimestre do período impositivo de 2011

ANUNCIO

Por Decreto da Alcaldía número 85/2011 de data 30 de marzo de 2011 acordouse o seguinte:

Primeiro.—Aproba-lo padrón das taxas de subministro de auga potable, recollida de lixo e rede de sumidoiros correspondentes ao primeiro trimestre do 2011 e as liquidacións resultantes deste, cos seguintes datos:

1297 DEBEDORES

ABASTECIMENTO DE AUGA.

Padrón: 9.748,75 €, IVE excluído (IVE de 8% = 779,78 €)

RECOLLIDA DE LIXO:

Padrón: 10.066,00 €

REDE DE SUMIDOIROS

Padrón: 723,00 €

Segundo.—Expoñer ó público tódolos datos incorporados ó padrón durante o prazo de 15 días, que se contarán a partir do día seguinte da publicación do anuncio no BOP. Esta exposición, polo prazo de quince días dende a correspondente publicación, servirá de notificación colectiva a tódolos contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria.

Terceiro.—Contra as liquidacións incorporadas ó padrón tódolos interesados poderán interpor recurso de reposición ante esta alcaldía, segundo o disposto no artigo 14.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó remate da exposición ó público do padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado l) do precepto anteriormente mencionado. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes, dende a súa interposición. Contra a desestimación presunta do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses dende a notificación da resolución expresa ou de seis meses dende que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime conveniente.

Cuarto.—O prazo de cobramento en período voluntario abranguerá dende o día 25 de abril ata o 25 xuño de 2011. O pagamento farase efectivo nas oficinas do Concello se ben existe a posibilidade de domicilia-lo pagamento das liquidacións nas entidades financeiras. Transcorrido este prazo iniciarase o período executivo e a débeda resultante esixirase polo procedemento de apremio, co recargo do 20% e os xuros de mora que se xeren dende o inicio do devandito período. Non obstante, o recargo será do 10% e non se esixirán xuros de mora se a débeda se paga antes de recibila notificación da providencia de apremio.

Boimorto, 30 de marzo de 2011.

O alcalde

Asdo.-José Ignacio Portos Vázquez

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CABANAS

Conta xeral do exercicio 2010

EDICTO

Formulada e rendida a conta xeral do orzamento desta entidade correspondente ao exercicio de 2010, sométese a información pública, xunto cos seus xustificantes e o informe da Comisión Especial de Contas, durante quince días, contados a partir da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Neste prazo e oito días máis, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións, as cales serán examinadas pola devandita Comisión, que practicará cantas comprobacións estime necesarias, emitindo novo informe, antes de somete-las ó Pleno da Corporación, para que poidan ser examinadas e –no seu caso– aprobadas, de conformidade co disposto no artigo 212, números 2 e 3 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Cabanas, 31 de marzo de 2011.

O alcalde

Asdo. Germán Castrillón Permuy

2011/4580

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Área de Urbanismo. Orde de execución

ANUNCIO

Instruído o expediente de orde de execución de referencia, incoado a dona María Martínez López para a poda das árbores e o desbroce da maleza existente na finca sita en As Brañas, nº 1, Cecebre, visto o informe do enxeñeiro técnico municipal de data 28 de marzo de 2011, e unha vez transcorrido o prazo concedido sen que se realizara, ao non ter podido notificar a súa propietaria e de acordo co establecido no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e para que sirva de notificación, procédese a publicar no Boletín Oficial da Provincia a parte dispositiva da devandita resolución, que literalmente se transcribe a seguir:

“**Primeiro.**- Executar subsidiariamente os traballos consistentes no desbroce da maleza existente e na poda das árbores na finca sita en As Brañas, 1, Cecebre ó ter transcorrido o prazo concedido á interesada para a súa realización sen que os mesmos se levaran a cabo; todo isto de acordo có disposto polo artigo 199.4 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e 95 e seguintes da Lei 30/92, de 26 de novembro, que establecen que en caso de incumprimento da orde de execución de obras, a Administración Municipal procederá á execución subsidiaria da mesmas ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 300 a 6.000 euros, reiterables ata lograr a execución das obras ordenadas.

Nº EXPTE.	TITULAR	LOCALIZACIÓN	REF. CATASTRAL
21/13/06	Martínez López, María	As Brañas, 1, Cecebre	7145801-NH5974N

Segundo.- Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello para que sirva de notificación de acordo co artigo 59.4 da lei 30/92, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común

Terceiro.- Dar conta o xefe da Policía Local e ao xefe da Sección de Servizos có fin de que teñan previstos todos os elementos persoais e materiais necesarios para poder levar a cabo o ordenado e vixiar a súa correcta execución.

Cuarto.- Requerir a dona María Martínez López para que, con carácter cautelar, ingrese a cantidade na que se presupostan os traballos a realizar, que ascende a 873,20 euros (IVE engadido), advertíndolle de que no caso de que non leve a efecto o dito ingreso, iniciaranse os trámites do procedemento recaudatorio en vía executiva, de acordo co disposto nos artigos 98 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O ingreso en período voluntario deberá realizarse na Tesourería Municipal nos seguintes prazos: se a notificación se practica entre os días 1 e 15 de cada mes, dende a data da notificación ata o día 5 do mes seguinte ou o inmediato hábil posterior, e se a notificación se practica entre os días 16 e o último de cada mes, dende a data da notificación ata o día 20 do mes seguinte ou o inmediato hábil posterior. Advírtese ó infractor de que en caso de non facer o ingreso no prazo sinalado, procederase ao seu cobro pola vía executiva cun recargo do 20 %.

Quinto.- Dar traslado desta resolución aos servizos económicos municipais aos efectos oportunos.

Esta resolución, de conformidade co establecido no artigo 109 da Lei 30/1992, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 107 e 116 da citada lei poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da presente notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que o ditou (artigo 117 da Lei 30/1992).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte ao recibo da presente notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro que estime procedente”

Cambre, 29 de marzo de 2011

O Alcalde, Asdo: Antonio Varela Saavedra.

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****CARIÑO**

Aprobación definitiva modificación ordenanza

ANUNCIO

O Pleno do Concello de Cariño, en sesión Plenaria ordinaria celebrada o vinteito de xaneiro deste ano acordou aprobar provisionalmente a Modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo público das instalacións da piscina municipal e que se expuxera a información pública polo prazo de trinta días hábiles, e de non producírense reclamacións consideraríase definitivamente aprobada.

No B.O.P Nº 33 de 17 de febreiro deste ano publícase o anuncio de exposición ó público sen que no prazo de trinta días se producira ningunha reclamación.

Estando, polo tanto, aprobada definitivamente a Modificación da Ordenanza citada publícase o seu texto íntegro no “Boletín Oficial da Provincia” en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

Cariño, 29 de marzo de 2011

O Alcalde

Asdo.- Jose Luis Armada Castro

ANEXO**MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DAS INSTALACIÓNS DA PISCINA MUNICIPAL DE CARIÑO.****ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA.**

Establécense as tarifas que se indican nas táboas seguintes:

COTAS	
ABONADOS	
Cota matrícula abonado (1)	20
Cota tipo mensual, €/mes	
Tarifa	Piscinas + Termo-Hidroterapia
Abonado individual	21
Abonado menor de 18 anos	10
Abonado Familiar (2)	26
Abonado 3ª Idade e discapacitados, (3)	10
NON ABONADOS	
Entrada directa	
Tarifa	Piscinas + Termo-Hidroterapia
Entrada Adulto	3,5
Entrada menor de idade	2
Bono de 10 entradas	30
CURSOS	
Cursos natación (4), cota mensual, €	
Usuarios Abonados	11
Usuarios Non abonados	22
(1) Dará dereito a posibles renovacións de alta durante o periodo anual de funcionamento da Piscina, de setembro a xullo de cada ano. (2) Unidades familiares sen ou con fillos/as menores de 18 anos. Os fillos/as ao cumprir os 18 anos deberán inscribirse nunha das categorías individuais, sen ter que aboar cota de entrada. (3) Persoa con discapacidade superior ao 33%. (4) Cota tipo mensual para 2 días á semana, de luns a venres, ou 1 día de fin de semana. Prorratearase en caso de que os cursos forán máis ou menos días.	

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****CARBALLO**

Anuncio da aprobación definitiva da modificación nº 2 da relación de postos de traballo do Concello de Carballo

Anuncio da aprobación definitiva da modificación nº 2 da relación de postos de traballo do Concello de Carballo.

O Pleno Municipal en sesión ordinaria celebrada o 31 de xaneiro de 2011 aprobou inicialmente a modificación nº 2 da relación de postos de traballo do Concello de Carballo.

O anuncio de aprobación inicial foi publicado no BOP nº 28 do 10 de febreiro de 2011, polo que se abriu un prazo de información pública durante 20 días hábiles para que os interesados poideran presentar alegacións, reclamación ou suxerencias ao acordo adoptado.

Presentadas alegacións no prazo establecido, foron desestimadas por acordo plenario do 28 de marzo de 2011.

Polo tanto, procédese á publicación do texto íntegro da modificación nº 2 da relación de postos de traballo do Concello de Carballo no Boletín Oficial da Provincia.

Anexo V.- RPT. MODIFICACIÓN nº 2 RPT

04.00.00.00		ÁREA DE SEGURIDADE E PROTECCIÓN CIVIL													
04.01.00.00		SERVIZO DE POLICÍA LOCAL													
04.01.01.00		GRUPOS DE POLICÍA LOCAL													
Código	Denominación Unidade Administrativa / Posto	Ppt	Vac	Tipo	Escala	Subescal	Gr	Niv	C Especif	Prov	RN	Titulación	Formac específica	Acc.	Observacións
04.00.00.00		ÁREA DE SEGURIDADE E PROTECCIÓN CIVIL													
04.00.00.01	INSPECTOR PRINCIPAL-XEFE DE ÁREA	0	0	F/S	AE	SS.EE.	A2	24	17.030,16	CLD	RN				
04.01.00.00		SERVIZO DE POLICÍA LOCAL													
04.01.00.01	INSPECTOR-XEFE DE SERVIZO	1	0	F/S	AE	SS.EE.	A2	22	15.021,36	C	RN			CC	
04.01.00.02	AUXILIAR ADMINISTRATIVO POLICIA	1	0	F/NS	AX	Aux	C2	14	6.316,56	C	UE			CC	
04.01.01.00		GRUPOS DE POLICÍA LOCAL													
04.01.01.01	OFICIAL POLICIA-XEFE DE GRUPO	1	0	F/S	AE	SS.EE.	C1	18	13.615,20	C	RN			CC	
04.01.01.02	OFICIAL POLICIA-XEFE DE GRUPO	1	0	F/S	AE	SS.EE.	C1	18	13.615,20	C	RN			CC	
04.01.01.03	OFICIAL POLICIA-XEFE DE GRUPO	1	1	F/S	AE	SS.EE.	C1	18	13.615,20	C	RN			CC	
04.01.01.04	OFICIAL POLICIA-XEFE DE GRUPO	1	1	F/S	AE	SS.EE.	C1	18	13.615,20	C	RN			CC	
04.01.01.05	OFICIAL POLICIA-XEFE DE GRUPO	1	1	F/S	AE	SS.EE.	C1	18	13.615,20	C	RN			CC	
04.01.01.10	POLICIA LOCAL	1	0	F/NS	AE	SS.EE.	C1	16	11.740,32	C	RN			CC	
04.01.01.11	POLICIA LOCAL	1	0	F/NS	AE	SS.EE.	C1	16	11.740,32	C	RN			CC	
04.01.01.12	POLICIA LOCAL	1	0	F/NS	AE	SS.EE.	C1	16	11.740,32	C	RN			CC	
04.01.01.13	POLICIA LOCAL	1	0	F/NS	AE	SS.EE.	C1	16	11.740,32	C	RN			CC	
04.01.01.14	POLICIA LOCAL	1	0	F/NS	AE	SS.EE.	C1	16	11.740,32	C	RN			CC	
04.01.01.15	POLICIA LOCAL	1	0	F/NS	AE	SS.EE.	C1	16	11.740,32	C	RN			CC	
04.01.01.16	POLICIA LOCAL	1	0	F/NS	AE	SS.EE.	C1	16	11.740,32	C	RN			CC	
04.01.01.17	POLICIA LOCAL	1	0	F/NS	AE	SS.EE.	C1	16	11.740,32	C	RN			CC	
04.01.01.18	POLICIA LOCAL	1	0	F/NS	AE	SS.EE.	C1	16	11.740,32	C	RN			CC	
04.01.01.19	POLICIA LOCAL	1	0	F/NS	AE	SS.EE.	C1	16	11.740,32	C	RN			CC	
04.01.01.20	POLICIA LOCAL	1	0	F/NS	AE	SS.EE.	C1	16	11.740,32	C	RN			CC	
04.01.01.21	POLICIA LOCAL	1	0	F/NS	AE	SS.EE.	C1	16	11.740,32	C	RN			CC	
04.01.01.22	POLICIA LOCAL	1	0	F/NS	AE	SS.EE.	C1	16	11.740,32	C	RN			CC	
04.01.01.23	POLICIA LOCAL	1	0	F/NS	AE	SS.EE.	C1	16	11.740,32	C	RN			CC	
04.01.01.24	POLICIA LOCAL	1	0	F/NS	AE	SS.EE.	C1	16	11.740,32	C	RN			CC	
04.01.01.25	POLICIA LOCAL	1	0	F/NS	AE	SS.EE.	C1	16	11.740,32	C	RN			CC	
04.01.01.26	POLICIA LOCAL	1	0	F/NS	AE	SS.EE.	C1	16	11.740,32	C	RN			CC	
04.01.01.27	POLICIA LOCAL	1	0	F/NS	AE	SS.EE.	C1	16	11.740,32	C	RN			CC	
04.01.01.28	POLICIA LOCAL	1	0	F/NS	AE	SS.EE.	C1	16	11.740,32	C	RN			CC	
04.01.01.29	POLICIA LOCAL	1	0	F/NS	AE	SS.EE.	C1	16	11.740,32	C	RN			CC	

POSTOS MODIFICADOS															
04.01.01.30	POLICIA LOCAL	1	0	F/NS	AE	SS.EE.	C1	16	11.740,32	C	RN			CC	
04.01.01.31	POLICIA LOCAL	1	1	F/NS	AE	SS.EE.	C1	16	11.740,32	C	RN			CC	
04.01.01.32	POLICIA LOCAL	1	1	F/NS	AE	SS.EE.	C1	16	11.740,32	C	RN			CC	
04.01.01.33	POLICIA LOCAL	0	0	F/NS	AE	SS.EE.	C1	16	11.740,32	C	RN			CC	
POSTOS CREADOS COA MODIFICACIÓN															
04.01.01.34	Policia local	0	0	F/NS	AE	SS.EE	C1	16	10.445,76	C	RN			CC	2ª actividade (Lei 4/2007 de Galicia)
04.01.01.35	Policia local	0	0	F/NS	AE	SS.EE	C1	16	10.445,76	C	RN			CC	2ª actividade (Lei 4/2007 de Galicia)
04.01.01.36	Policia local	0	0	F/NS	AE	SS.EE	C1	16	10.445,76	C	RN			CC	2ª actividade (Lei 4/2007 de Galicia)
04.01.01.37	Policia local	0	0	F/NS	AE	SS.EE	C1	16	10.445,76	C	RN			CC	2ª actividade (Lei 4/2007 de Galicia)

Carballo, 31 de marzo de 2011

O Alcalde

D. Evencio Ferrero Rodríguez

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARNOTA

Aprobación definitiva do orzamento 2011

DON JOSE DOMINGO OREIRO RODRIGUEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARNOTA.

O Pleno da Corporación municipal, en sesión extraordinaria de 04 de MARZO do 2011, acordou a aprobación con carácter inicial do orzamento e cadro de persoal desta entidade correspondente ó exercicio económico do 2011.

Publicado anuncio no B.O.P número 49, do 14 de marzo de 2011, contendo texto completo a nivel de resumo de capítulos de gastos e ingresos, e transcurrido quince días hábiles sen que houbera reclamacións,

RESOLVO

APROBAR con carácter definitivo o orzamento e cadro de persoal desta entidade para o exercicio económico do 2011.

Contra a aprobación definitiva do orzamento poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, de conformidade co artigo 171 do Real decreto legislativo 2/2004, do 4 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na forma e prazos que establecen as normas de dita xurisdicción. A interposición de recursos non suspenderá por sí soa a aplicación do presuposto definitivamente aprobado pola Corporación.

Carnota, a 4 de abril do 2011.

O ALCALDE

Asdo. José Domingo Oreiro Rodriguez

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CEDEIRA

Resolución da Alcaldía de data 28.03.2011 desestimando recurso de reposición

ANUNCIO

POR RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 28 DE MARZO 2011, ACORDOUSE:

1. A desestimación do recurso de reposición, presentado por D. Miguel Ángel del Río López contra a resolución da Alcaldía de data 15 de novembro de 2010, pola que se procede á aprobación da bolsa de traballo resultante do proceso selectivo para contratacións laborais temporais ou nomeamentos interinos como peón (bases publicadas no BOP do 13 de setembro de 2010).

2. A notificación de esta resolución a D. Miguel Ángel del Río López e D. Javier Lamas Prieto.

3. A publicación da parte dispositiva de esta resolución no BOP

Cedeira, 29 de marzo de 2011.

O ALCALDE

Asdo.-José Luís Vergara Rey

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CEDEIRA

Expediente de orde de execución 2/10. Notificación por comparecencia

ANUNCIO

Expediente orde de execucion 2/10. Notificación por comparecencia

En virtude do establecido no art 59 e 61 da Lei 30/92 de rexime xuridico das administracions publicas e do procedemento administrativo comun, logo de ter intentada por duas veces a notificacion á comunidade de propietarios Avda da Area nº 4 (antes Avda Suevos) - Ascensión Suarez Martinez, presidenta- , da resolución de alcaldía de data 20.05.10 (decreto 299) no expediente orde de execución 2/10 (O.EX) , emprázase pola presenta á referida comunidade de propietarios para ser notificada por comparecencia.

A comparecencia debera efectuarse no prazo de 10 dias contados desde o seguinte ó da publicacion deste anuncio, no Servicio de urbanismo e arquitectura do concello, en horario de 9 a 2 horas de luns a venres.

Transcorrido o dito prazo sen efectuarse a comparecencia do interesado ou o seu representante a notificación se entenderá producida a todo-los efectos legais dende o dia seguinte ó vencemento do prazo sinalado para comparecer.

Cedeira, 23 de marzo de 2011.

O ALCALDE

Asdo.- Jose Luis Vergara Rey.

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CORISTANCO

Padrón do subministro de auga potable do primeiro trimestre de 2011

ANUNCIO

A Alcaldía-Presidencia deste Concello, por Decreto de data 31 de marzo de 2011, adoptou o acordo que segue:

1.–Aproba-lo padrón de contribuíntes da taxa polo subministro de auga potable correspondente ao primeiro trimestre de 2011.

2.–De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, o padrón aprobado exponse ao público nas oficinas de Intervención durante o prazo dun mes, contado a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Durante este prazo os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas. O anuncio de publicación no BOP produce os efectos de notificación colectiva.

3.–Contra as liquidacións incorporadas ao padrón tódolos interesados poderán interpor recurso de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, segundo o disposto no artigo 14.2 da LRFL, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao remate da exposición ao público do padrón.

4.–O prazo de ingreso en período voluntario iníciase o día 4 de abril de 2011 e rematará o 6 de xuño de 2011. Transcorrido o prazo indicado, iníciase o período executivo, que determina o devengo do recargo de constrinximento e dos xuros de mora.

Coristanco, 31 de marzo de 2011.

O alcalde

Asdo.: Antonio Pensado Plágaro

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Área de Medio Ambiente, Sustentabilidade e Mobilidade

Servizo de Medio Ambiente

Notificación incoación procedemento sancionador A-16/2011 - 9/2011

ANUNCIO

Logo de intentar sen efecto notificar a incoación do procedemento sancionador que a continuación se relaciona por infracción da normativa vixente en materia de tenencia de animais, segundo dispón o art. 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, procédese á súa práctica mediante o anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de Edictos do Concello, o que se fai público para coñecemento do interesado, a quen debe servir de notificación inicial, informándoo así mesmo de que:

1) Dentro do prazo de 15 días contados a partir do día seguinte ó da publicación no BOP, poderá alegar canto considere conveniente e propo-las probas que estimen oportunas.

2) No caso de non formular alegacións, a iniciación do expediente será considerada proposta de resolución, de acordo co art. 13.2 del R.D. 1398/1993, do 4 de agosto, cos efectos previstos nos art. 18 e 19 do citado R.D.

Presunto infractor:

NOME E APELIDOS: D. ROI CASTRO FERNÁNDEZ

1. Expediente nº: A -16/2011

Normativa infrinxida: art. 16.4 da Ordenanza Municipal para a protección e tenencia de animais.

Data infracción: 17 de febreiro de 2011

Cualificación inicial: leve

Posible sanción: 150 €

NOME E APELIDOS: D^a. RAQUEL VILLAVERDE EDREIRA

2. Expediente nº: A - 9/2011

Normativa infrinxida: art. 16.1 da Ordenanza Municipal para a protección e tenencia de animais.

Data infracción: 30 de decembro de 2011

Cualificación inicial: leve

Posible sanción: 150 €

A Coruña, 24 de marzo de 2011

O Director da Área de Medio Ambiente,

Sustentabilidade e Mobilidade.

Asdo. Fernando Roade Rodríguez

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Área de Medio Ambiente, Sustentabilidade e Mobilidade

Servizo de Mobilidade Urbana (Departamento de Transportes)

Vehículos abandonados en el Depósito Municipal

ANUNCIO BOP

Requerimiento a los propietarios de vehículos abandonados en Depósito Municipal.

Presumido el abandono de los vehículos que a continuación se relacionan, según lo establecido en el artículo 86 de la Ley 18/2009, de 23 de noviembre, por la que se modifica el texto articulado de la Ley sobre tráfico, circulación de vehículos a motor y seguridad vial aprobado por el Real decreto legislativo 339/1990, de 2 de marzo, y al objeto de que sirva de notificación a sus propietarios en los términos establecidos en el artículo 59.5 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de régimen jurídico de las administraciones públicas y del procedimiento administrativo común, se hace pública la relación adjunta, con la finalidad de que sus propietarios procedan, dentro del plazo de un mes -contado a partir del siguiente al de la inserción de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia-, a su retirada del Depósito Municipal, previo el pago de las tasas establecidas. El Depósito Municipal está ubicado en Martinete, nº 27 de A Coruña.

Transcurrido este plazo, se procederá a su traslado a un Centro Autorizado de Tratamiento de Vehículos para su posterior destrucción y descontaminación.

Relación de vehículos:

Matrícula	Marca y modelo	Propietario	Número de expediente	Fecha de inmovilización y traslado a Depósito
3391-DDL	CITROEN AX	MICHEL EUGENIO SILVA	141/2011	28/10/2010
C-2898-BN	OPEL ASTRA	MIHAILS TRIFONOV	145/2011	04/11/2010
C-9114-AZ	MERCEDES BENZ	GERARDO JIMENEZ BARRUL	148/2011	08/11/2010
C-4623-CD	CITROEN BERL	INGENIERIA METALICA CORUÑESA, S.L	150/2011	09/11/2010
C-7741-CD	CITROEN BERLINGO	INGENIERIA METALICA CORUÑESA, S.L	151/2011	11/11/2010
C-8933-CJ	CITROEN BERLINGO	INGENIERIA METALICA CORUÑESA, S.L	152/2011	09/11/2010
1551-BVD	CITROEN JUMPY	INGENIERIA METALICA CORUÑESA, S.L	153/2011	09/11/2010
C-0680-BF	FORD SCORT	JORGE JUAN POSE LEMA	357/2010	08/09/2010
C-9949-BB	AUDI 80	NUBYA VIRGINIA ALVES DE FARIA	420/2010	24/09/2010

A Coruña, 25 de marzo de 2011

La Concejala Delegada de Movilidad Urbana,

Fdo. Eudoxia María Neira Fernández

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Área de Medio Ambiente, Sustentabilidade e Mobilidade

Servizo de Mobilidade Urbana (Departamento de Transportes)

Vehículos abandonados en la vía pública

ANUNCIO BOP

Requerimiento a los propietarios de vehículos abandonados en vía pública.

